

CONSIDERACIÓNS EN TORNO Ó GASTO PÚBLICO

MARÍA CADAVAL SAMPEDRO¹
Departamento de Economía Aplicada
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 1 de outubro de 2001

Aceptado: 25 de novembro de 2002

Os tópicos que viñeron mostrando unha maior vitalidade ó longo da historia do pensamento facendístico foron os ligados á imposición. Sen embargo, o indubidable crecemento do gasto espertou de forma moi notable o interese por ese campo da facenda pública. Un primeiro tema que está consolidado, pero sen un forte desenvolvemento nos anos recentes nin con perspectivas dunha significativa evolución teórica, é a *análise normativa*, que se ocupa principalmente de *obter regras para a asignación eficiente de recursos* nas economías con bens que presentan a propiedade do consumo conxunto.

Asístese, sen embargo, a un desbordante crecemento da teoría positiva, que ten a súa orixe na teoría da elección social. É un enfoque que opón os “erros do sector público” ós “erros do mercado”.

En canto á *economía aplicada do gasto público*, que ten como obxectivo dotar de eficacia ós programas de gasto, non se produciu ningún avance teórico importante. A análise custo-beneficio e as técnicas modernas de orzamentación perderon vitalidade, se cadra polas dificultades de aplicación e de xeneralización destes métodos. Sen embargo, as vellas preguntas de Wagner sobre as *causas do crecemento do gasto público* reviviron. Estudos recentes, posteriores ós de Peacock e Wiseman, achegaron novas perspectivas.

Dentro do campo do gasto público, adquiriron un lexítimo protagonismo as transferencias: seguridade social, facendas subcentrais e empresas públicas. E nos servizos públicos aumenta o interese polo estudo dos beneficios e a incidencia de *servizos ou gastos públicos concretos*, particularmente interesante na esfera local. Vexamos, pois, estes tópicos das teorías do *gasto público e do orzamento* máis polo miúdo.

Baixo o impulso de Samuelson (1954, pp. 387-388; 1955, pp. 350-356), a teoría normativa do gasto público foi obxecto dun crecente interese. Aquel “desconcertara” ós economistas coa súa definición de *ben público puro*, máis habituados á “substituíbidade” de consumos –a cantidade consumida por un individuo non está á disposición de ningún outro– ca á “complementariedade” perfecta. Algúns estu-

¹ Agradézolle os seus comentarios ó profesor Luis Caramés.

diosos van coincidir posteriormente nesa característica da non posibilidade de exclusión mediante o prezo². O traballo de Samuelson, ademais de encher un baleiro conceptual na vertente orzamentaria do gasto, senta as bases para establece-las condicións marxinais de eficacia de cara á provisión de bens públicos compatible cunha asignación eficaz dos recursos. O marco teórico foi, como é sabido, a economía do benestar. Pero cando un se pregunta pola distribución da carga tributaria para o financiamento dos bens públicos, comprende que non se foi moito máis aló de Wicksell (1967) e de Lindahl (1967). Recórrese a unha función de benestar social ó estilo de Bergson-Samuelson, co inconveniente de que se dá como algo exógeno ó problema estudado.

A análise do nivel óptimo das actividades de produción ou de consumo que producen externalidades ten un estreito parentesco coa análise dos bens públicos. A parte emisora da economía externa beneficia simultaneamente ó emisor e á parte ou ás partes afectadas. Para determina-la realización óptima da actividade cómpre pondera-lo seu custo marxinal fronte ós beneficios marxinais para todos aqueles que a posúen: no nivel óptimo serán iguais.

Non podemos entrar aquí en toda a literatura que se ocupou da determinación das condicións do nivel óptimo para a provisión destes bens³, pero volvemos subliñar que *se trata dunha área ben asentada, pero estática*. Como puxo de manifesto Geoffrey Brennan (1984, p. 357), “*lo que se tiene que demostrar es que, donde el mercado falla, el proceso político puede hacerlo mejor. A fin de establecer esta pretensión debe adoptarse un análisis explícito de los procesos políticos*”.

Posto que xa sabemos que os mercados convencionais non son útiles para asigna-los bens públicos –e outros que gozan da propiedade do consumo conxunto, como as externalidades e os bens públicos intermedios–, ¿que fan os gobernos na realidade para decidi-las cantidades de tales bens? É precisamente ó estudio de cómo se toman esas decisións ó que se lle chama *teoría da elección política* ou análise positiva da determinación dos bens públicos. Estudia o mecanismo político, sobre todo a través do mecanismo do voto.

A existencia do *free rider* implica a necesidade dalgún modo coactivo de toma de decisións colectivas. No plano ideal o mecanismo sería aquel que, respectando as preferencias individuais, funcionase eficientemente. Os procesos políticos reais non foron modelizados satisfactoriamente ata o momento, pero xa se avanzou na comprensión dos fenómenos, segundo as decisións políticas se adopten mediante unha sinxela votación de referendo, lexislaturas representativas ou burocracias gobernamentais. Como exemplos ben coñecidos citaremos a Buchanan e Tullock (1964) e a súa *constitución óptima*; a Bowen (1943, pp. 27-48) e a Black (1948, pp. 23-43) e o *modelo de votación da maioría*; o *modelo de Downs* (1957), que fai fincapé nos partidos políticos; a Romer-Rosenthal (1979, pp. 563-587) e a *considera-*

² Por exemplo Bowen (1948). Unha boa exposición en Terny (1971).

³ Ve-la recensión de L. Caramés sobre o libro de L. Weber (1978): *L'analyse économique des dépenses publiques*. París: PUF, na *Revista de Derecho Financiero y Hacienda Pública*, núm. 143, pp. 1295-1302.

ción da burocracia, xa suxerida por Niskanen (1971), etc. Pero por moi enriquecedoras que sexan estas análises e por moito que se encadren na vangarda da teoría da facenda pública, “*unha conclusión xeral que emerxe desta discusión é que os procesos políticos só ofrecen solucións imperfectas para o problema da recolleita de información e da adopción de decisións eficientes*” (Boadway e Wildasin, p. 32).

Non hai que insistir nunha evidencia emanada destas análises: as condicións necesarias para que os procesos de votación consigan o nivel óptimo son moi estrictras, mesmo se obviámo-la incerteza, a falta de información dos votantes, a falta de incentivos para que estes se informen e os custos de decisión por votación. Algúns autores seguiron traballando para buscar *novos métodos de revelación de preferencias* que, por unha parte, teñan as propiedades do “intercambio voluntario”, pero que, por outro, supoñan estruturar incentivos para mostra-las preferencias dun modo máis honrado do que se desprende dos tradicionais mecanismos de votación (Clarke, 1971, pp. 17-33; Groves e Loed, 1976, pp. 1145-1160; Groves e Ledard, 1977, pp. 785-809)⁴. Sen embargo, ata o momento non pasaron de ser ensaios teoricamente interesantes.

Adolph Wagner creu na existencia dunha relación funcional entre o crecemento dunha economía e o crecemento relativo do sector público. O progreso social era, para o facendista alemán, a causa básica de tal crecemento, describindo unhas “reaccións en cadea”: 1) o progreso social conduce a un crecemento das funcións estatais, o que, á súa vez, leva a 2) un crecemento da actividade económica do sector público, tanto en termos absolutos coma relativos (Herber, pp. 507 e ss). Peacock e Wiseman (1961), desde o lado da oferta, subliñan a importancia do patrón temporal das tendencias do gasto público, elaborando tres conceptos: o efecto de desprazamento, o efecto de inspección e o efecto de concentración, que foron matizados en traballos posteriores (Peacock e Wiseman, 1967; Peacock e Wiseman, 1972; Peacock e Wiseman, 1979, pp. 3-23; Peacock, 1979).

Dentro dos enfoques empíricos, aínda merecen referirse os que se basean nos chamados programas “incontrolables” e os que aluden ás “economías abertas”. Moitos estados están suxeitos a programas “de fórmula”: gastos sanitarios, pensións, subvencións ós prezos agrícolas, xuros da débeda, etc. Tales liñas de gasto reciben de modo automático as consignacións necesarias, revelando unha aparente incapacidade do poder político para controlalas a curto prazo. Pero unha reflexión máis profunda levaríanos a discuti-los propios procesos políticos e burocráticos, ó que habería que engadirlle algunha evidencia empírica que non se atopa: diferencias significativas entre programas “incontrolables” e os restantes (Crecine e outros, 1977).

Se cadra o estudio empírico máis suxestivo sexa o realizado por Cameron (1978, pp. 1243-1261) quen, provisto de datos procedentes de dezaioito países e pa-

⁴ Véxase tamén o estudio introductorio de R. Calle (1982, pp. II-XLVII) na edición española de Buchanan e Flowers (1980).

ra un período comprendido entre 1960 e 1975, examinou cinco tipos de explicación do crecemento das actividades gobernamentais, atopando unha estreita relación entre o grao de apertura da economía e o tamaño do sector público. Pero, como ocorre nos restantes traballos empíricos, non chega a ofrecer unha satisfactoria explicación teórica. Por iso cómpre revisar, aínda que sexa brevemente, os *modelos formais*, escollendo aqueles que nos parecen máis interesantes⁵.

Tratando de supera-la orixinal idea de Downs e Black sobre o votante medio e tódolos desenvolvementos que sofisticaron posteriormente ese enfoque, deseñáronse tres tipos de modelo: a) de *decisión lexislativa*; b) de *decisión burocrática* e c) de *grupos de interese*. O primeiro, atribúelles ás incertezas dos sistemas lexislativos o crecemento do sector público: os parlamentarios, á hora de legislar –e co obxecto de maximiza-las súas posibilidades de reelección– adoptan acordos que conducen á aprobación dun gran número de programas, aínda que unha maioría preferise ver derrotados algúns deles⁶.

Por outra parte, é ben coñecida a posición de Niskanen que, baseándose no comportamento dunha burocracia maximizadora do orzamento, explica por qué o sector público se sitúa por riba do nivel óptimo que se deduciría do modelo do votante medio. Noll e Fiorina (1978, pp. 239-254)⁷, solapando o modelo de decisión lexislativa co burocrático, sosteñen que ós lexisladores lles interesa estende-la burocracia que, en certa medida –con excepción de transferencias directas–, garante a efectividade dos servizos prometidos (Cameron, 1978, pp. 1243-1261; Becker, 1983).

Aranson e Ordeshook (1977) formalizaron os *modelos de grupos de interese con influencia* –grupos de presión– que non só están formados de modo convencional, senón tamén integrados por empregados públicos e departamentos e organismos da Administración (aquí aparece outro solapamento entre modelos). Pero, ó noso xuízo, merece unha especial atención unha tese xa antiga, utilizada sobre todo no ámbito local urbano. Referímonos á afirmación feita por Baumol (1967, pp. 415-426) de que a produtividade é máis baixa no sector público –intensivo en servizos– ca no sector privado. Sen embargo, ó medra-la taxa salarial de modo uniforme, seguindo a pauta da produtividade privada, o sector público ve medra-los seus custos de forma non parella á súa propia produtividade.

Sen entrar noutras hipóteses –entre as que merecería un lugar especial a postura marxista–, podería dicirse con Larkey, Stolp e Winer que chama a atención a disparidade entre o moito que se escribiu sobre o crecemento do sector público e o pouco que se sabe. Ningún dos estudos teóricos está dabondo desenvolvido e contrastado para ser persuasivo como teoría positiva ou útil como teoría prescritiva. Son poucas as regularidades empíricas que se descubriron e non se afondou nas condi-

⁵ Unha síntese completa e ordenada pode atoparse en Larkey e outros (1984). Véxase tamén González-Páramo e Raymond (1988).

⁶ Entre outros, Shepsle (1979, pp. 23-57). En contra, Arnold (1978).

⁷ Véxase tamén Frey e Pommerehne (1982).

cións en que poderán cumprirse algunhas das regularidades aparentes (Larkey e outros, p. 187). Persisten problemas de medición –poucos datos e moitas dificultades de comparación entre países– e son necesarias máis hipóteses. Estamos, pois, ante un campo da investigación facendística en crecemento.

Unha función pública de transcendencia crecente é a da transferencia de recursos, levada a cabo por medio de moitos programas e con obxectivos diversos. As transferencias, amais doutros problemas relacionados coa dimensión do gasto, suscitan cuestións emparentadas coa transacción equidade-eficiencia na imposición. En efecto, no terreo das transferencias a pobres, ¿en que medida debilitan o incentivo ó traballo?

A política de seguridade social, pola súa parte, lévanos tamén a certos interrogantes substantivos: ¿como repercuten en importantes reducións do aforro privado e en xubilacións anticipadas?; ¿como inflúe o seguro de desemprego no incentivo das empresas para despedir obreiros e na redución do incentivo dos parados para buscar un novo emprego?; ¿en que medida a cobertura do gasto sanitario aumenta a demanda de coidados médicos e reduce o incentivo de facultativos e pacientes por economizar?

As estruturas federais ou *cuasi* federais, á súa vez, ¿perturban ou non a pauta xeográfica de asignación de recursos en menoscabo da eficiencia?; ¿compensa un sistema de transferencias de recursos dos gobernos centrais ós locais as ineficacias que comportan as difusións interxurisdiccionais?; ¿poden mitigalos problemas asociados a migracións ineficientes? (Kalachek e Raines, 1970, pp. 159-161; Boskin, 1932, pp. 684-698; Feldstein, 1980, pp. 630-642; Topel e Welch, 1980, pp. 351-379; Starret, 1980, pp. 329-350; Boadway e Flatters, 1982, pp. 613-633; Wildasin, 1979, pp. 521-534; Wildasin, 1980, pp. 453-471; Boadway e Wildasin, pp. 688 e ss.).

Os problemas que as distintas modalidades e os diferentes obxectivos das transferencias suscitan fan que aquelas se constitúan nun dos aspectos máis actuais no ámbito da nosa disciplina.

Como resaltou Carl S. Shoup (1984) –sempre moi preocupado pola distribución dos beneficios derivados dos servizos públicos (Kennet, 1982, pp. 80-95)–, “*de tódolos estudos de facenda pública realizados nos pasados vinte anos, hai relativamente poucos que traten a distribución e o beneficio –incidencia dos servizos públicos–*”. Pero, aínda que o tema é tremendamente suxestivo e pragmático, tropeza cun inconveniente básico: a dificultade de medi-la produción de tales servizos, incluso no ámbito local, no que este tipo de análise é moi necesario. As unidades físicas de *output* resístense a ser cuantificadas, pero non debe servir de coartada avalia-los servizos en termos de *inputs*. Seguindo a Shoup, cremos estar ante problemas que requiren un gran traballo de campo. Na súa propia expresión, “*zapatos de coiro e libro de notas (ou magnetófono, se cadra)*”. Tarefa aparentemente modesta, pero sen a que non terían sentido as análises estatísticas convencionais. E, o que é dunha importancia innegable, non será posible atalla-lo malgasto que compromete a situación financeira dos municipios.

Dentro do campo da facenda pública, ó falar da análise custo-beneficio referímonos xeralmente ó cálculo dos beneficios sociais netos que se derivan dun gasto público específico, aínda que tamén podería estenderse a programas máis amplos. Se aceptamos que o mercado é un mecanismo eficiente de asignación de recursos dentro de certas condicións, a análise custo-beneficio será aplicable cando a ausencia dalgunha desas condicións fai que a rendibilidade do mercado non reflita a rendibilidade social (Albi, 1976; Layard [ed.], 1972; Drèze e Stern, 1987).

Os principais problemas que se suscitan son os procedementos para chegar a unha estimación de custos e beneficios, á elección dunha taxa de desconto adecuada e ás consecuencias distributivas dos proxectos alternativos.

En canto ós sistemas de planificación –programación– da orzamentación, o intento máis ambicioso constituíuno o PPBS durante os anos 60. O seu mecanismo é o seguinte: os obxectivos do programa deben ser especificados claramente, examinándose tamén de forma rigorosa os modos alternativos de alcanzar aqueles fins. Debe posuírse a suficiente información para avaliar esas alternativas, así como as transaccións orzamentarias que poidan realizarse entre obxectivos. A implantación do PPBS foi un relativo fracaso, aparecendo un novo método para intentar melloralo control sobre os programas de gasto: o “Zero-Based Budgeting” ou Orzamento Base Cero, que consiste en partir do nivel máis baixo posible dun programa de gasto, esixíndose que tódolos gastos sexan xustificados partindo dunha “base cero”. As distintas oficinas avalían as consecuencias dunha completa eliminación dos seus programas e formulan diversos niveis alternativos de fondos. Se considerámo-la Administración no seu conxunto, unha metodoloxía como a do ZBM é excesivamente ambiciosa, pero –como no PPBS– dota ós organismos dun modo de cuestionarse os temas en termos de eleccións alternativas.

Por último, nos Estados Unidos fixéronse propostas lexislativas de cara a limitar a duración da maioría dos programas federais a cinco anos, a menos que superen unha minuciosa revisión levada a cabo polos Comités do Congreso e do Senado. Referímonos á “*sunset legislation*” ou *lexislación de caducidade*. A súa filosofía tende a bloquear a tendencia dos programas vellos a permanecer máis aló do tempo necesario para alcanza-los seus obxectivos (Musgrave e Musgrave, p. 309 e ss.). Pero, en esencia, implica revisións do tipo base cero.

BIBLIOGRAFÍA

- ALBI, E. (1976): *Introducción a la economía del coste-beneficio*. Madrid: IEF.
- ARANSON, P.H.; ORDESHOOK, P.C.(1977): “Incrementalism, Fiscal Ilusion and the Growth of Government in Representative Democracies”, *Fourth Interlaken Seminar on Analysis and Ideology*. Interlaken.
- ARNOLD, R.D. (1978): *Legislations, Overspending and Government Growth*. (Princeton University Working Paper). Princeton.
- BAUMOL, W.J. (1967): “Macroeconomics of Unbalanced Growth: The Anatomy of Urban Crisis”, *American Economic Review*, 57, pp. 415-426.
- BECKER, G.C. (1983): “A theory of Competition among Pressure Groups for Political Influence”, *Quarterly Journal of Economics*.

- BLACK, D. (1948): "On the Rationale of Group Decision Making", *Journal of Political Economy*, 56, (febreiro), pp. 23-43. (En *Hacienda Pública Española*, núm. 44, 1977, pp. 247-283).
- BOADWAY, R.W.; FLATTERS, F.R. (1982): "Efficiency and Equalization Payments in a Federal System of Government: A Synthesis and Extension of Recent Results", *Canadian Journal of Economics*, 15, (novembro), pp. 613-633.
- BOSKIN, M.J. (1932): "The Effects of Taxes on the Supply of Labor: With Special Reference to Income Maintenance Programs", *Proceedings of the 64th Annual Conference on Taxation of the National Tax Association*, pp. 684-698.
- BOWEN, H.R. (1943): "The Interpretation of Voting in the and Location of Economic Resources", *Quarterly Journal of Economics*, 58, (novembro), pp. 27-48.
- BOWEN, H.R. (1948): *Towards Social Economy*. New York: Rinehart and Company Inc.
- BUCHANAN, J.M.; TULLOCK, G. (1964): *The Calculus of Consent*. Ann Arbor: The University of Michigan Press. (Traducción ó castelán de J. Salinas. Espasa Calpe, 1980).
- CAMERON (1978): "The Expansion of the Public Economy: A Comparative Analysis", *The American Political Science Review*, vol. 72, núm. 3, (setembro), pp. 1243-1261.
- CLARKE, E.H. (1971) "Multi-Perf Pricing of Public Goods", *Public Choice*, 11, (outono), pp. 17-33.
- CRECINE, J.P. E OUTROS (1977): "The Controllability of "Uncontrollable" Federal Expenditures: Executive Branch Decision-Making", *Midwestern Political Science Association Meeting*.
- DOWNES, A. (1957): *An Economic Theory of Democracy*. New York: Harper and Row. (Traducción ó castelán de L.A. Martín. Aguilar, 1973).
- DRÈZE, J.; STERN, N. (1987): "The Theory of Cost- Benefit Analysis", en Auerbach e Feldsten [ed.]: *Handbook of Public Economics*, vol. II. Amsterdam: North Holland.
- FELDSTEIN, M. (1980): "Social Security and Private Saving", *Journal of Public Political Economy*, 90, (xuño), pp. 630-642.
- FREY, B.J.; POMMERHNE, W.W. (1982): "How Powerful are Public Bureaucrats as Voters", *Public Choice*, 38
- GONZÁLEZ-PÁRAMO, J.M.; RAYMOND, J.L. (1988): "¿Por qué tiende a crecer el gasto público?", *Papeles de Economía Española*, núm. 37.
- GROVES, T.; LEDARD, J. (1977): "Optimal Allocation of Public Goods: A Solution to the "Free Rider Problem", *Econometrica*, 45, (maio), pp. 785-809.
- GROVES, T.; LOED, M. (1976): "Incentives and Public Inputs", *Journal of Political Economy*, 84, (decembro), pp. 1145-1160. (Traducción ó castelán por A. Casahuga (1979) en *Hacienda Pública Española*, núm. 60, pp. 354-396).
- KALACHEK, E.D.; RAINES, F.Q. (1970): "Labor Supply of Low Income Workers", *President's Commission on Income Maintenance Programs. Technical Studies*, pp. 159-161.
- KENNET, D. (1982): "Standards and Procedures for the Distribution of a Public Service: Shoup Revisited", *Public Finance*, 37, núm. 1, pp. 80-95.
- LARKEY, P.D. E OUTROS (1984): "Why Does Government Grow?", en T.C. Miller [ed.]: *Public Sector Performance*. Baltimore: Johns Hopkins University Press. (Traducción ó castelán en *Papeles de Economía...*, núm. 27, 1986, pp. 175-193).
- LAYARD, R. [ed.] (1972): *Cost- Benefit Analysis, Selected Readings*. Baltimore: Penguin.
- LINDAHL, E.: "Some Controversial Questions in the Theory of Taxation", en Musgrave e Peacock: *Classics in the Theory of Public Finance*, PP. 214-232. 2^a ed. New York: MacMillan. (Traducción en castelán de E. Albi (1975) en *Hacienda Pública Española*, núm. 36).

- NISKANEN, W.D. (1971): *Bureaucrancy and Representative Government*. Chicago: Aldine-Atherton.
- NOLL, R.; FIORINA, M. (1978): "Voters, Bureaucrats and Legislators", *Journal of Public Economics*, 7, pp. 239-54.
- PEACOCK, A.T. (1979): *The Economic Analysis of Government and Related Theories*. New York: St. Martins.
- PEACOCK, A.T. (1979): "Public Expenditure Growth in Postindustrial Society", en B. Gustafsson [comp.]: *Postindustrial Society*. New York: St. Martins.
- PEACOCK, A.T.; WISEMAN, J. (1961): *The Growth of Public Expenditure in the United Kingdom*. Princeton: Princeton University Press.
- PEACOCK, A.T.; WISEMAN, J. (1967): *The Growth of Public Expenditure in the U.K., 1890-1955*. Londres: Allen and Unwin.
- PEACOCK, A.T.; WISEMAN, J. [comp.] (1972): "Determinants of Government Expenditure", en B.S. Sahni [comp.]: *Public Expenditure Analysis: Select Readings*. Rotterdam: Rotterdam University Press.
- PEACOCK, A.T.; WISEMAN, J. (1979): "Approaches to the Analysis of Government Expenditure Growth", *Public Finance Quarterly*, 7, pp. 3-23.
- ROMER, T.; ROSENTHAL, H. (1979): "Bureaucrats Versus Voters: On the Political Economy of Resource Allocation by Direct Democracy", *Quarterly Journal of Economics*, 93, pp. 563-587.
- SAMUELSON, P.A. (1954): "The Pure Theory of Public Expenditure", *Review of Economics and Statistics*, vol. XXXVI, pp. 387-388. (Traducción en castellán en *Hacienda Pública Española*, núm. 5, 1970).
- SAMUELSON, P.A. (1955): "Diagrammatic Exposition of a Theory of Public Expenditures", *Review of Economics and Statistics*, vol. XXXVII, pp. 350-356. (Traducción en castellán en *Hacienda Pública Española*, núm. 5, 1970).
- SHEPSON, K. (1979): "Institutional Arrangements and Equilibrium in Multidimensional Voting Models", *American Journal of Political Science*, 23, (febreiro), pp. 23-57.
- SHOUP, C.S. (1984) "La Hacienda pública como tema de estudio: cuatro problemas entre otros muchos", *Hacienda Pública Española*, núm. 91. (Traducción do inglés de R.S. Ortiz Calzadilla).
- STARRET, D.(1980): "On the Method of Taxation and the Provision of Local Public Goods", *American Economic Review*, 70, pp. 329-350.
- TERNY, G. (1971): *Economie des services collectifs et de la dépense publique*. París: Dunod.
- TOPEL, R.; WELCH, F.(1980): "Unemployment Insurance: Survey and Extensions", *Economica*, 47, pp. 351-379.
- WICKSELL, K. (1967): "A New Principle of Just Taxation", en Musgrave e Peacock: *Classics in the Theory of Public Finance*. 2ª ed. New York: MacMillan. (Traducción en castellán de E. Albi (1975) en *Hacienda Pública Española*, núm. 36, pp. 72-118).
- WILDAIN, D.E. (1980): "Locational Efficiency in a Federal System", *Regional Science and Urban Economics*, 10, pp. 453-471.
- WILDASIN, D.E. (1979): "Local Public Goods, Property Values and Local Public Choice", *Journal of Urban Economics*, 6, pp. 521-534.